Finalmente, seleccionáronse 3 centros con XIDE viables para esta fase do estudo: CS Fingoi, CS Castro Caldelas e CS Nicolás Peña. Con estes tres centros, ampliouse a análise a dúas provincias máis en comparación coa proba de concepto (Ourense e Pontevedra), engadiuse un centro de saúde rural (Castro Caldelas) e un centro de saúde urbano (CS Nicolás Peña), obtendo a heteroxeidade desexada para que o estudo abranguese o máximo rango de escenarios posibles.

3.3.2. SELECCIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE COMPARACIÓN

Con base nestes centros seleccionados, utilizouse o mesmo proceso que para a proba de concepto, engadindo o paso previo de preseleccionar os centros que non tiveran implantado o XIDE ou cun uso do mesmo mínimo. Neste caso, a dificultade foi maior xa que a maioría dos centros implantaron o XIDE durante o período desexado, polo que o número de centros candidatos reduciuse drasticamente. Debido a isto, os criterios tivéronse que flexibilizar, reducindo a cantidade de centros e o grao de comparabilidade, pero mantendo uns mínimos de semellanza suficientes para que os resultados foran representativos. O resto do proceso de selección mantívose como na fase anterior.

Seleccionouse para o CS Fingoi o CS A Milagrosa, para o CS Castro Caldelas o CS Rubiá e para o CS Nicolás Peña o CS Gondomar. Cabe sinalar que aínda que o CS Rubiá implantou o XIDE antes do remate do período de estudo, o seu uso foi menor do 2 %, polo que se considerou que non tivo impacto real na xestión da demanda, e seguía a ser un comparador axeitado para o CS Castro Caldelas.

3.4. ANÁLISE DE DATOS

3.4.1. VARIABLES DE RESULTADO

A variable principal de efectividade avaliada foi o cambio nas consultas forzadas do médico de atención primaria, posteriormente á implantación de XIDE con respecto ás consultas forzadas nos centros onde XIDE non se implantou. Este cambio mediuse de dúas formas: taxas de consultas forzadas por cada 1.000 habitantes e porcentaxe de consultas forzadas respecto ao total de consultas.

Para analizar a seguridade do XIDE consideráronse diversas variables que puidesen reflectir se a implantación do XIDE podería xerar algún tipo de evento adverso (seguridade). Por un lado, que o uso de XIDE estivese asociado a unha maior frecuentación, coa hipótese de que XIDE podería non ter resolto correctamente a demanda do paciente e isto derivase nun maior número de consultas tras a súa implantación. Para analizar este efecto, seleccionáronse os pacientes a través do seu código NASI e contabilizouse o número de consultas xeradas antes e despois da implantación do XIDE nos centros para comparar, incluídas consultas programadas, pero excluídas consultas por receitas. Tamén se analizaron as asistenciaes ao PAC. Analizáronse os resultados tanto na fase de proba de concepto como na fase de pilotaxe. Débese ter en conta que non se espera que o XIDE varíe o número de consultas medio antes e despois da súa implantación, e polo tanto é aceptable unha hipótese de igualdade.

Como información adicional relacionada coa seguridade revisáronse as reclamacións nos sistemas de xestión de reclamacións do Sergas.

Por último, para avaliar a aceptabilidade dos profesionais, realizouse unha análise cualitativa das percepcións dos profesionais baseada en información obtida en reunións realizadas cos mesmos como parte do proxecto e nun informe elaborado polos xefes de servizo tras a finalización da proba de concepto.

3.4.2. PERÍODO DE TEMPO CONSIDERADOS

Na proba de concepto analizáronse datos mensuais dende agosto de 2021 ata maio de 2022. O inicio do período posXIDE foi en decembro de 2021.

Na fase de pilotaxe analizáronse datos mensuais dende xaneiro de 2022 ata marzo de 2023. O inicio do período posXIDE foi diferente entre as parellas de centros.

3.4.3. FONTES DE DATOS

Os datos referidos ao desenvolvemento de XIDE foron proporcionados pola Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria da Consellería de Sanidade.

Os datos relativos ás variables de efectividade e seguridade utilizados para este estudo foron extraídos do SIAC-AP (Sistemas de Información e Análises Complexas-Atención Primaria) e no caso da perspectiva dos profesionais empregouse como base un informe interno da Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Os datos sobre reclamacións obtivéronse das rexistradas nos sistemas de xestión de reclamacións do Sergas ("Contacte") entre o 01/10/2021 e o 01/01/2022 no caso do C.S. Illas Canarias e entre o 01/10/2021 e o 01/01/2022 no caso do C.S. Culleredo.

3.4.4. TÉCNICAS DE CONTROL DE POSIBLES FACTORES DE CONFUSIÓN

Para a análise escolléronse para cada un dos centros XIDE un centro comparador equivalente que non tivera implantado o XIDE. Mediante esta forma, é posible manter sempre unha referencia fiable que sexa susceptible tamén de estacionalidade e outros condicionantes externos semellantes que poidan aumentar ou diminuír a demanda.

3.4.5. ANÁLISE ESTATÍSTICA

Para comparar porcentaxes ou taxas entre o período preXIDE e o período posXIDE calculouse a razón de porcentaxes ou taxas cun intervalo de confianza do 95 % mediante un modelo de regresión de Poisson.

As razóns dos centros sen XIDE e dos centros con XIDE comparáronse coa proba de Wald.

Para comparar medias entre o período preXIDE e o período posXIDE calculouse a diferenza de medias cun intervalo de confianza do 95 % e valorouse a significación coa proba t de Student.

As diferenzas de medias dos centros sen XIDE e dos centros con XIDE comparáronse coa proba de Wald.

As análises estatísticas realizáronse co programa Stata.



4. RESULTADOS

4.1. DESENVOLVEMENTO E DESCRICIÓN DA FERRAMENTA

4.1.1. GRUPO DE TRABALLO

En total, tendo en conta o grupo principal e os subgrupos, participaron un total de 90 profesionais do Sergas e da Consellería de Sanidade.

Do grupo de traballo principal formaron parte profesionais sanitarios (4 profesionais de medicina de familia e 4 profesionais de enfermería) e profesionais non sanitarios (7 persoas pertencentes ao persoal das áreas administrativas do Servizo Galego de Saúde e un pertencente á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061).

Constituíronse subgrupos de traballo con representación de todas as categorías profesionais do equipo de atención primaria e dos seus servizos de apoio: 8 profesionais de medicina de familia, 9 profesionais de enfermería, 16 pediatras, 8 enfermeiros/as das áreas de pediatría, 6 profesionais de odontoloxía, 3 hixienistas dentais, 7 matronas, 5 farmacéuticos/as de atención primaria, 7 fisioterapeutas e 5 profesionais de traballo social. Os grupos coordináronse a través dun equipo conformado por representantes dos servizos centrais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo, creouse un grupo de traballo con persoal da área clínica da Subdirección Xeral de Sistemas de Tecnoloxías da Información da Consellería de Sanidade.

4.1.2. ESTABLECEMENTO DOS POSIBLES MOTIVOS DE CONSULTA EN AP

Durante os meses de setembro e outubro de 2021, os grupos de traballo realizaron unha revisión dos motivos de consulta reflectidos na CIAP-2 (Anexo 1). Como resultado da revisión, as rúbricas da CIAP-2 reorganizáronse en 367 posibles motivos de consulta relacionados con signos e síntomas e a súa agrupación.

Estes motivos adaptáronse ás expresións que máis frecuentemente empregan os pacientes para expresalos. Todas as propostas de termos en linguaxe común foron consensuadas polos distintos grupos de traballo. Para a versión en galego dos motivos de consulta resultantes, contouse coa axuda do tradutor automático "Gaio".

4.1.3. ESTABLECEMENTO DOS ALGORITMOS OU PROTOCOLOS

Para establecer os algoritmos ou protocolos, os grupos de traballo asignaron a cada un dos 367 motivos de consulta da lista os seguintes parámetros:

- Categoría profesional do EAP máis axeitada para a atención inicial:

A algúns dos motivos asignáronselles varios profesionais responsables da atención, dando lugar a unha citación conxunta, como pode ser enfermmería máis médico de familia.

Para os casos de categorías profesionais non presentes en todos os EAP, propuxéronse varios profesionais que poderían levar a cabo a asistencia, por orde de preferencia.
- Período de tempo no que debería levarse a cabo a citación, con tres posibles opcións: atención ordinaria; atención no día ou atención inmediata.
- Modo inicial de atención: atención telefónica ou atención presencial.
- Motivos de consulta nos que é necesaria unha segunda pregunta para precisar os requirimentos da atención. En 60 motivos de consulta, polas súas especiais características, acordouse introducir unha segunda pregunta que permitise precisar os requirimentos de atención. Isto fixo que como resultado final a ferramenta considerase 427 posibles motivos de consulta.

Destes 427 protocolos iniciais, 99 (23,2 %) resultaban nunha atención inmediata, 109 (25,5 %) requirían de atención "no día", e 219 (51,3 %) resultaban nunha citación ordinaria.

En canto á categoría profesional, 224 protocolos (52,5 %) asignaban a atención inicial a medicina de familia, 117 (27,4 %) a enfermería, 45 (10,5 %) requirían a citación conxunta de enfermeiro/a e médico/a, en 2 (0,5 %) a categoría profesional que debía levar a cabo a asistencia era o/a farmacéutico/a de AP, en 5 (1,2 %) era o/a odontólogo, en 17 (4 %) era o profesional de traballo social e , por último, en 13 protocolos (3,1 %) asignábase a atención inicial ao persoal da área administrativa.

En canto ao modo de atención, en 347 protocolos (81,3 %) a atención inicial indicábase como presencial, namentres que 78 protocolos (18,3 %) indicaban unha citación telefónica.

En 4 protocolos de atención non se asignaba modo de atención debido a que a demanda non se inclúe na carteira de servizos de atención primaria.

4.1.4. SOPORTE TECNOLÓXICO AO ALGORITMO

Os parámetros consensuados nos grupos de traballo introducíronse nunha folla de cálculo que permitiu o seu traslado á ferramenta telemática. Estes parámetros poden consultarse no Anexo 2 e o procedemento de uso da ferramenta no Anexo 3. O *software* específico de axuda á citación desenvolveuse a partir do sistema existente de citación en AP (SIGAP). Este programa integra o buscador de motivos de consulta e unha segunda pregunta para aqueles motivos que a precisen. A partir da información introducida, o sistema XIDE proporciona a proposta de citación correspondente.

Cando o buscador non identifica o motivo de consulta introducido, o sistema ofrece a posibilidade de propor ese termo para un posible novo motivo de consulta ou como un sinónimo ou equivalente a un xa existente. A plataforma tamén permite introducir e modificar os protocolos adaptándoos ás propostas que fagan os profesionais que a usan. Todas as propostas de modificación son validadas polo grupo de traballo principal do XIDE ou polos subgrupos especiais, no caso de motivos específicos.

Durante as fases de proba de concepto e pilotaxe, a plataforma incorporaba a posibilidade de recoller se existía acordo coa cita proposta por parte da cidadanía. En caso de non aceptación da proposta, podía recoller a causa (non conforme co profesional de atención asignado, non conforme coa prioridade asignada ou non conforme coa modalidade de atención asignada).

4.2. FASE DE PROBA DE CONCEPTO

4.2.1. ESTRUCTURA POBOACIONAL E DE ASISTENCIA DOS CENTROS CON E SEN XIDE

Características sociodemográficas

Na figura 1 pódese comparar a estrutura etaria dos centros con e sen XIDE (Illas Canarias e Culleredo vs Arteixo e Fingoi, respectivamente). No caso do CS Culleredo, sitúase na periferia da cidade da Coruña, o mesmo que o CS de Arteixo. Nos dous casos pódese ver que as estruturas de idade son moi similares e esta similitude é particularmente maior nos tramos quinquenais de idade a partir de 40-49 anos.

No caso dos centros de Lugo, CS Illas Canarias e CS Fingoi, ambos os dous son do concello de Lugo, sendo o CS Illas Canarias eminentemente urbano mentres que o CS Fingoi presenta un compoñente lixeiramente máis rural. Non obstante, pódese tamén comprobar que a estrutura de idade de ambos os dous centros é moi parecida para todos os tramos de idade.

Figura 1. Pirámide de poboación de cada centro con XIDE (Illas Canarias e Culleredo) e sen XIDE (Arteixo e Fingoi)





Figura 2. Pirámide de poboación de cada grupo de centros



Na figura 2 aparece a comparación dos centros (con e sen XIDE) de forma conxunta de acordo coa súa estrutura de idades. A estrutura é practicamente a mesma en ambos os dous casos. Así, a porcentaxe de poboación con 70 anos ou máis é de 14,2 % nos centros sen XIDE e de 15,0 % nos centros con XIDE.

Características da prestación asistencial

Na táboa 2 compáranse as características dos diferentes centros de atención primaria que se incluíron na análise da fase da proba de concepto.

Táboa 2. Características dos centros comparados na fase de proba de concepto

Centro	Cotas médicas	Cidadáns	Cidadáns por cota médica	XIDE	Data implantación XIDE
CS Culleredo	18	25.858	1.437	Si	12/2021
CS Arteixo	15	22.515	1.501	Non	-
CS Illas Canarias	11	14.737	1.340	Si	12/2021
CS Fingoi	17	21.396	1.259	Non	-


No caso de Culleredo e Arteixo, o número de cotas é moi parecido e o número de cidadáns por médico, moi relevante para a análise, é tamén similar. Algo parecido pódese observar no caso de Illas Canarias fronte a Fingoi. En Fingoi hai un maior número de cotas, pero a poboación atendida por cada médico é moi similar.

En canto aos grupos de idade, a poboación maior de 64 anos en Illas Canarias é de 22,7 % fronte a Fingoi que é de 21,1 %. Este dato para Culleredo e Arteixo é de 19,2 % e 18 %, respectivamente. Polo tanto, a hipotética carga asistencial

Os datos son tamén parecidos no que respecta ao número de pacientes por cota médica, xa que en ningún caso a diferenza supera os 100 pacientes por cota nos centros para comparar con e sen XIDE.

Consultas a demanda en mostrador por categoría profesional


Figura 3. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e centro



No caso dos CS de Arteixo e Culleredo, arredor do 75 % das citas totais son para medicina de familia en todos os meses analizados, cunha variación intermensual máis marcada en Arteixo que en Culleredo. No caso de Fingoi e Illas Canarias, a porcentaxe promedio de consultas en Illas Canarias en medicina de familia é algo máis baixa que en Fingoi. Ademais, en Illas Canarias obsérvase unha variación intermensual máis acusada que en Fingoi, que presenta pouco cambio de decembro a maio de 2022. Respecto ás consultas a outros profesionais, obsérvase unha maior porcentaxe tanto en Illas Canarias como en Culleredo fronte a Arteixo e Fingoi.

Na figura 4 e na táboa 3 represéntanse conxuntamente o global das consultas totais para os centros con XIDE e sen XIDE, desagregado por grupos profesionais. En ambos tipos de centros, a porcentaxe de consultas totais en medicina de familia aumentou no período posXIDE con respecto ao período preXIDE, pero nos centros con XIDE, o aumento na porcentaxe de consultas totais foi algo menor.

Figura 4. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e grupo de centros



Táboa 3. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada grupo de centros nos períodos pre e posXIDE

Período	Categoría	Centros sen XIDE		Centros con XIDE	
		N.º consultas	% consultas	N.º consultas	% consultas
PreXIDE	Medicina de Familia	25.446	68,3	26.392	70,0
	Enfermería	10.073	27,1	8.276	22,0
	Outros profesionais	1.717	4,6	3.033	8,0
	Total	37.236	100,0	37.701	100,0
PosXIDE	Medicina de Familia	48.657	77,4	38.194	71,4
	Enfermería	11.685	18,6	10.897	20,4
	Outros profesionais	2.488	4,0	4.386	8,2
	Total	62.830	100,0	53.477	100,0

Segundo os datos recollidos na táboa 3, as consultas totais nos centros sen XIDE aumentaron do 68 % ao 77 % do período pre ao posXIDE, presentando unha razón de porcentaxes do 1,13 (IC95 %: 1,12-1,14, $p < 0,001$) (punto de corte novembro 2021). Este aumento foi do 70 % ao 71 %, presentando unha razón de porcentaxes de 1,02 (IC95 %: 1,01-1,03, $p < 0,001$) nos centros con XIDE no mesmo período de comparación. Proba de homoxeneidade entre as dúas razóns de porcentaxes: $p < 0,001$ (hai diferenza significativa).

Consultas forzadas de medicina de familia

CS Arteixo e Culleredo


Na táboa 4 preséntase a comparación nas consultas forzadas entre Arteixo e Culleredo. No que se refire ás consultas forzadas en medicina de familia obsérvase un descenso dende o mes de xaneiro, máis apreciable en Culleredo que en Arteixo para todos os meses seguintes, ata maio de 2022. A comparación das taxas totais por 1.000 habitantes no período pre co posXIDE amosa que o aumento das taxas é moito maior en Arteixo (sen XIDE), onde se produce un aumento preto do dobre (de 50,9 forzadas por 1000 habitantes a 91,4), mentres que en Culleredo (con XIDE), prodúcese un aumento máis suave (de 26,6 forzadas por 1.000 habitantes a 35,2).

A evolución destes datos sobre consultas forzadas en Arteixo e Culleredo reflíctense na figura 5, tanto en forma de porcentaxe coma en taxas. Obsérvase que as taxas no centro con XIDE (Culleredo) e sen XIDE (Arteixo) tenden a separarse tras a implantación do XIDE, observándose un efecto amortecedor do incremento en forzadas.

Táboa 4. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Arteixo e Culleredo: número, porcentaxe sobre consultas totais e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	CS Arteixo (sen XIDE)			CS Culleredo (con XIDE)		
	Nº	%	Taxa	Nº	%	Taxa
2021/08	1.264	27,9	56,1	844	17,4	32,6
2021/09	905	30,1	40,1	447	12,9	17,2
2021/10	1.170	33,1	51,9	817	19,4	31,5
2021/11	1.247	36,9	55,3	646	17,2	24,9
2021/12	1.759	45,1	78,0	1.093	25,7	42,2
2022/01	3.530	58,8	156,6	1.727	33,2	66,6
2022/02	2.193	39,9	97,3	923	20,0	35,6
2022/03	1.760	31,1	78,1	636	14,4	24,5
2022/04	1.844	32,8	81,8	549	16,5	21,2
2022/05	1.282	31,9	56,9	548	20,2	21,1
PreXIDE	4.586	31,7	50,9	2.754	16,9	26,6
PosXIDE	12.368	40,3	91,4	5.476	22,3	35,2

Figura 5. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo



CS Fingoi e Illas Canarias


Na táboa 5 preséntanse os datos de consultas forzadas de medicina de familia no CS Illas Canarias (con XIDE) e no CS Fingoi (sen XIDE). Nos datos agregados para os períodos preXIDE e posXIDE obsérvase un descenso tanto na porcentaxe como na taxa de consultas forzadas no CS Illas Canarias, mentres que no CS de Fingoi obsérvase un aumento. A taxa de forzadas por 1.000 habitantes pasa de 43,3 a 34,4 no caso de Illas Canarias, mentres que en Fingoi obsérvase un aumento de 30,9 forzadas pásase a 44,2.

Táboa 5. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Fingoi e Illas Canarias: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	CS Fingoi (sen XIDE)			CS Illas Canarias (con XIDE)		
	N.º	%	Taxa	N.º	%	Taxa
2021/08	812	24,8	37,8	1.016	35,8	69,0
2021/09	623	24,1	29,0	515	20,1	35,0
2021/10	560	25,1	26,1	355	18,9	24,1
2021/11	657	22,6	30,6	683	24,1	46,4
2021/12	1.057	31,6	49,2	654	26,3	44,4
2022/01	1.145	35,1	53,3	590	25,4	40,0
2022/02	829	33,3	38,6	510	20,0	34,6
2022/03	893	29,3	41,6	415	20,1	28,2
2022/04	873	31,5	40,6	552	23,3	37,5
2022/05	904	29,8	42,1	321	17,1	21,8
PreXIDE	2.652	24,1	30,9	2.569	25,4	43,6
PosXIDE	5.701	31,8	44,2	3.042	22,2	34,4

A figura 6 representa a evolución dos datos ao longo do tempo. A implantación de XIDE parece supor un cambio ao atenuar as taxas de forzadas en Illas Canarias no pico invernal, algo que non ocorre no centro de saúde de Fingoi. Esta atenuación mantense durante todo o período seguinte á implantación do XIDE.

Figura 6. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias



CS con e sen XIDE

Na táboa 6 e figura 7 represéntanse os resultados agregados para os dous centros da proba de concepto (CS Illas Canarias e CS Culleredo) fronte aos dous centros control (CS Fingoi e CS Arteixo).

Comparando as taxas totais por 1.000 habitantes no período completo preXIDE fronte ao posXIDE, obsérvase que o aumento das taxas é moito maior nos centros sen XIDE (pasando de 41,1 forzadas por 1.000 habitantes a 68,4) mentres que nos centros con XIDE se produce un aumento menor (de 32,7 forzadas por 1.000 habitantes a 34,9).

Táboa 6. Consultas forzadas de medicina de familia nos centros con e sen XIDE: número, porcentaxe sobre consultas totais e taxa por 1.000 habitantes


Mes	Medicina de familia					
	Centros sen XIDE			Centros con XIDE		
	N.º	%	Taxa	N.º	%	Taxa
2021/08	2.076	26,6	47,2	1.860	24,2	45,8
2021/09	1.528	27,3	34,7	962	16,0	23,7
2021/10	1.730	30,0	39,3	1.172	19,3	28,8
2021/11	1.904	30,3	43,2	1.329	20,2	32,7
2021/12	2.816	38,9	64,0	1.747	25,9	43,0
2022/01	4.675	50,5	106,2	2.317	30,8	57,0
2022/02	3.022	37,8	68,6	1.433	20,0	35,3
2022/03	2.653	30,5	60,3	1.051	16,2	25,9
2022/04	2.717	32,4	61,7	1.101	19,3	27,1
2022/05	2.186	31,0	49,7	869	18,9	21,4
PreXIDE	7.238	28,4	41,1	5.323	20,2	32,7
PosXIDE	18.069	37,1	68,4	8.518	22,3	34,9

Na figura 7 pódese observar como as diferenzas nas porcentaxes e taxas de consultas forzadas entre os centros eran menores antes de novembro, pasando a aumentar con posterioridade á implantación do XIDE. En ambos tipos de centros obsérvase un pico de consultas forzadas en xaneiro, que se correspondería co pico de consultas invernais, que é menor nos centros onde XIDE está implantado.

Para comparar cuantitativamente as diferenzas entre as taxas dos centros con e sen XIDE calculouse a razón entre as taxas de consultas forzadas do período posXIDE comparado co período preXIDE. Esta razón para os centros sen XIDE é de 1,66 (IC95 %: 1,62-1,71), é dicir, a taxa de consultas forzadas aumentou un 66 % nos centros sen XIDE ao comparar os dous períodos. No caso dos centros con XIDE, esta razón é de 1,07 (IC95 %: 1,03-1,10), é dicir, a taxa de consultas forzadas aumentou nun 7 % nos centros con XIDE ao comparar ambos os períodos. A diferenza das razóns de taxas entre os centros con e sen XIDE é estatisticamente significativa ($p < 0,0001$).

A implantación do XIDE realizouse en novembro, o que implica que a comparación inclúe en todos os casos como período posXIDE os meses de decembro, xaneiro, febreiro que son os meses nos que hai máis consultas totais e tamén forzadas, polo que era esperable observar un incremento nas consultas con respecto ao período anterior. Ao analizar os mesmos períodos nos dous tipos de centros, o efecto estacional do inverno nas consultas aplica do mesmo xeito a todos os centros analizados, con independencia do XIDE.

Figura 7. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos centros con e sen XIDE




Consultas totais de enfermería e outros profesionais

CS de Arteixo e Culleredo

A figura 8 reflicte a evolución do número de consultas e das taxas das consultas en enfermería por 1.000 habitantes entre Arteixo e Culleredo.


No CS de Culleredo prodúcese un aumento na taxa de consultas nos meses posteriores á implantación do XIDE pero este aumento desaparece nos meses seguintes.

Figura 8. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo



Na figura 9 pódense observar o número de consultas totais e taxas de consultas para outros profesionais antes e despois da implantación do XIDE comparando ambos os centros. Nos dous indicadores, o número e taxa de consultas é maior en Culleredo fronte a Arteixo durante case todo o período analizado, polo que non é posible observar un patrón claro nestes datos ou un efecto da implantación do XIDE noutros profesionais distintos de medicina de familia e enfermmería.


Figura 9. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo



CS Fingoi e Illas Canarias


A figura 10 reflicte a evolución das consultas totais e taxas por 1.000 habitantes en enfermmería. Ao igual que na anterior comparación (Culleredo fronte a Arteixo) só se observa un efecto claro no mes de implantación e no mes seguinte, onde as consultas totais e as taxas de consulta en enfermmería por 1.000 habitantes son máis elevadas en Illas Canarias con respecto a Fingoi. Logo, a medida que transcorre o seguimento, o número e taxas de consultas destes profesionais é semellante entre os centros.

Figura 10. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos SAP de Fingoi e Illas Canarias



A figura 11 reflicte o número de consultas totais e taxas de consultas noutros profesionais comparando ambos os dous centros. Ao igual que na anterior comparación (Culleredo fronte a Arteixo) non parece haber un efecto claro nestas consultas tras a implantación do XIDE.


Figura 11. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias



CS con e sen XIDE

A figura 12 inclúe a comparación do número de consultas de enfermmería totais e taxas por 1.000 habitantes analizando de forma conxunta os centros con e sen XIDE na fase de proba de concepto. Nos centros con XIDE obsérvase un aumento nas consultas de enfermmería no mes da implantación e no mes seguinte (novembro e decembro), mentres que nos centros sen XIDE só aumentan as consultas de enfermmería no mes de novembro. Unha vez pasados estes dous meses, o número e taxa de consultas tende a igualarse entre os dous tipos de centro.

Figura 12. Taxa de consultas totais de enfermmería por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE




Para comparar as consultas totais de enfermmería dos centros sen XIDE fronte aos centros con XIDE, no período pre fronte ao posXIDE, calculáronse as taxas globais para ambos tipos de centros. Esta taxa do período preXIDE para os centros sen XIDE é de 57,2 por 1.000 habitantes e no período posXIDE esta taxa é de 44,2, polo que a razón de taxas colle o valor de 0,77 (IC95 %: 0,75–0,79), $p < 0,001$. No caso dos centros con XIDE, a taxa no período preXIDE é de 50,9 por 1.000 habitantes e no período posXIDE a taxa é de 44,7, polo que a razón de taxas é de 0,88 (IC95 %: 0,85–0,90), $p < 0,001$. A proba de homoxeneidade entre as razóns de taxas ten un valor $p < 0,001$. Isto pode interpretarse como a existencia dun maior descenso nas consultas de enfermmería nos centros sen XIDE fronte aos con XIDE ao comparar ambos períodos.

Na figura 13 reflíctense o número e taxas de consultas doutros profesionais entre centros con e sen XIDE. Non parece haber diferenzas relevantes entre centros, nin tampouco nos mesmos centros tras a implantación do XIDE.

Ao comparar as consultas totais doutros profesionais dos centros sen XIDE fronte aos centros con XIDE, entre ambos períodos, obsérvase que a taxa pasa de 9,8 consultas por cada 1.000 habitantes a 9,4 consultas, cunha razón de taxas de 0,97 (IC95 %: 0,91–1,03), $p=0,271$, nos centros sen XIDE. Esta taxa nos centros con XIDE pasa de 18,7 consultas por 1.000 habitantes a 18,0 no período posXIDE, cunha razón de taxas de 0,96 (IC95 %: 0,92–1,01), $p=0,121$. A proba de homoxeidade entre as razóns de taxas é $p=0,959$, polo que non habería diferenzas entre centros sen XIDE e centros con XIDE.

Figura 13. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE



4.2.3. SEGURIDADE


Hiperfrecuentación

Tal e como se describe no apartado de metodoloxía para analizar a seguridade do XIDE considerouse a variable hiperfrecuentación medida como o número de consultas totais xeradas, incluídas as consultas programadas, excluídas as consultas por receitas, antes e despois da implantación do XIDE nos centros a comparar.

CS Arteixo e Culleredo

A figura 14 reflicte a comparación entre a consulta a demanda media por paciente, antes e despois do XIDE nos centros de Arteixo e Culleredo. Non se observan diferenzas relevantes entre os dous centros e o número medio de consultas por paciente é parecido ao longo de todo o período analizado, sen verse cambios tras a implantación do XIDE. Respecto ás consultas programadas, tamén incluídas na figura 14, obsérvase un leve incremento en Culleredo en comparación con Arteixo.


Figura 14. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre o CS Arteixo e CS Culleredo



CS Illas Canarias e Fingoi

Na figura 15 compáranse as consultas medias a demanda por paciente entre Illas Canarias e Fingoi. Non se observan cambios relevantes na evolución nestas consultas a demanda ao longo do período, polo que a introdución do XIDE non supón un cambio nas tendencias. En canto ás consultas programadas, ao igual que na comparación entre Culleredo e Arteixo, a implantación do XIDE supón un aumento destas consultas en Illas Canarias en comparación con Fingoi.


Figura 15. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre CS Fingoi e CS Illas Canarias



CS con e sen XIDE

Finalmente, na figura 16 compárase a evolución conxunta das consultas medias a demanda por paciente ao longo do tempo nos centros con e sen XIDE. Non se observan cambios nas consultas medias a demanda nos centros con XIDE con respecto aos centros sen XIDE, polo tanto a implantación do XIDE non aumentaría a frecuentación nos centros. En canto ás consultas programadas, obsérvase un claro efecto positivo tras a implantación do XIDE, xa que as consultas programadas aumentan nos centros XIDE mentres que diminúen nos centros nos que non había XIDE.

Figura 16. Consultas medias mensuais a demanda e programadas por paciente ao longo do seguimento entre centros sen XIDE e centros con XIDE na fase de proba de concepto



Para comparar cuantitativamente a media mensual de consultas a demanda dos centros antes da implantación de XIDE e despois, calculouse a media para o período preXIDE e se comparou coa media do período posXIDE. Nos centros sen XIDE, a media preXIDE é de 1,64, mentres que no período posXIDE é de 1,65. A diferenza de medias é de 0,006 (IC95 %: -0,008 – 0,019), cun valor $p=0,3967$, polo que non habería diferenzas entre os dous períodos. No caso dos centros con XIDE, a media de consultas a demanda no período preXIDE foi de 1,67, pasando a ser de 1,69 no período posXIDE, cunha diferenza de medias de 0,013 (IC95 %: -0,003 – 0,030), e cun valor $p=0,1076$, polo que tampouco se detectan diferenzas entre os períodos para os centros con XIDE.

A proba de homoxeneidade entre as diferenzas de medias entre os dous tipos de centros tivo un valor $p=0,4769$, polo que non se observan cambios relevantes nas consultas a demanda coa implantación do XIDE na fase de proba de concepto.

Estes cálculos fixéronse considerando os NASI e pacientes que consultaron polo menos unha vez para poder ver o cambio (de existir este).

No que atinxe ás consultas programadas na fase de proba de concepto, nos centros sen XIDE estas consultas pasan de 1,65 a 1,64 no período pre ao posXIDE, respectivamente. A diferenza de medias é de -0,007 (IC95 %: -0,033 – 0,019), cun

valor $p=0,6003$, polo que non hai diferenzas entre os dous períodos. No caso dos centros con XIDE, as consultas pasan de 1,52 no período preXIDE a 1,58 no período posXIDE, cunha diferenza de medias de 0,060 (IC95 %: 0,037 – 0,082), cun valor $p<0,001$, polo que hai diferenzas entre os dous períodos. A proba de homoxeneidade entre as diferenzas de medias tivo un valor $p=0,0002$, polo que existen diferenzas no cambio nas consultas programadas tras a implantación do XIDE nos centros na fase de proba de concepto.

Asistencias ao PAC


CS Arteixo e Culleredo

As asistencias ao PAC dende os CS de Culleredo e Arteixo tras a implantación do XIDE están reflectidas na táboa 7. En Arteixo hai un aumento das asistencias ao PAC do 0,3 % ao comparar o período preXIDE co período posXIDE, mentres que en Culleredo este aumento é do 0,8 %. Estes datos amósanse de forma gráfica na figura 17, na que se observa que Culleredo xa tiña máis asistencias no PAC fronte Arteixo antes da implantación do XIDE. Na figura vese a evolución das liñas de consultas.

Táboa 7. Porcentaxe de asistencias ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Arteixo e Culleredo

Mes	CS Arteixo (sen XIDE)	CS Culleredo (con XIDE)
2021/08	5,2	11,4
2021/09	4,0	9,9
2021/10	5,2	11,0
2021/11	5,9	7,8
2021/12	6,4	11,9
2022/01	5,0	9,3
2022/02	3,8	7,2
2022/03	3,9	8,6
2022/04	6,9	13,9
2022/05	6,5	14,8
PreXIDE	5,1	9,9
PosXIDE	5,4	10,7

Figura 17. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Arteixo e Culleredo




CS Fingoi e Illas Canarias

A frecuentación dende Illas Canarias e Fingoi ao PAC antes e despois da implantación do XIDE amósase na táboa 8. En Fingoi, a frecuentación no PAC aumenta un 1,9 % no período posXIDE fronte ao período preXIDE, mentres que en Illas Canarias, este aumento é dun 0,9 %. Este dato tamén se pode observar no gráfico da figura 18 coa evolución das atencións ao PAC por paciente que demanda atención no mostrador.

Táboa 8. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Fingoi e Illas Canarias

Mes	CS Fingoi (sen XIDE)	CS Illas Canarias (con XIDE)
2021/08	15,4	9,1
2021/09	11,5	7,6
2021/10	14,4	9,1
2021/11	10,8	6,0
2021/12	15,0	8,3
2022/01	16,6	9,7
2022/02	12,2	7,4
2022/03	12,3	7,5
2022/04	15,7	9,9
2022/05	16,6	9,4
PreXIDE	12,8	7,8
PosXIDE	14,7	8,7

Figura 18. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Fingoi e Illas Canarias



CS con e sen XIDE


A comparación de xeito global dos centros con XIDE fronte aos centros sen XIDE, na proba de concepto, amósase na táboa 9. Obsérvase un aumento na frecuentación ao PAC do 0,7 % nos centros sen XIDE e que este aumento é do 0,9 % nos centros con XIDE.

Táboa 9. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre consultas a demanda en mostrador nos centros con/sen XIDE

Mes	Centros sen XIDE	Centros con XIDE
2021/08	9,1	10,3
2021/09	7,4	8,7
2021/10	9,3	10,1
2021/11	8,3	6,9
2021/12	9,9	10,0
2022/01	9,3	9,5
2022/02	7,2	7,3
2022/03	7,5	8,0
2022/04	10,6	11,8
2022/05	10,7	11,9
PreXIDE	8,5	8,8
PosXIDE	9,2	9,7

Na figura 19 amósase a evolución mensual das frecuentacións no PAC de ambos os dous tipos de centros. Obsérvase que as curvas se superpoñen, coa excepción dos últimos dous meses comparados.

Figura 19. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador, por mes, nos centros con e sen XIDE



No que respecta á análise estatística das asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador e a razón de taxas do período posXIDE comparado co período previo, nos centros sen XIDE esta porcentaxe é de 8,5 e pasa a ser de 9,2 no período posXIDE, cunha razón de porcentaxes de 1,08 (IC95 %: 1,04 – 1,13), cun valor $p < 0,001$. Nos centros con XIDE, esta porcentaxe pasa de 8,8 a 9,7 no período posXIDE, cunha razón de porcentaxes de 1,10 (IC95 %: 1,05 – 1,14), cun valor $p < 0,001$. Para realizar a comparación entre os dous tipos de centros, realizouse unha proba de homoxeneidade entre as razóns de porcentaxes, que reflectiu unha significación estatística de $p = 0,6619$, polo que se considera que non hai diferenzas entre os centros sen XIDE e con XIDE.

Revisión das reclamacións

Durante o período no que se realizou a proba de concepto (01/10/2021 ao 31/01/2022) rexistráronse 96 reclamacións/suxestións no sistema de xestión de reclamacións do Servizo Galego de Saúde ("Contacte") relacionadas cos CS Illas Canarias e CS Culleredo.

Trala lectura das 96 reclamacións seleccionáronse para unha revisión en profundidade aquelas reclamacións clasificadas nos termos "demora" e "trato" ($n=5$). En ningún caso se atoparon reclamacións ou suxestións que se puideran relacionar coa citación en atención primaria ou co funcionamento deste ferramenta de citación.

4.2.4. ANÁLISE CUALITATIVA DAS PERCEPCIÓNS DO SISTEMA XIDE NA FASE DE PROBA DE CONCEPTO

Unha vez finalizada a fase de proba nos CS Illas Canarias e CS Culleredo, os xefes de servizo fixeron un informe coa súa valoración sobre o sistema XIDE. Este informe foi discutido nos grupos de traballo xunto ás percepcións dos equipos sobre a fase de proba de concepto.

Realizouse unha análise cualitativa dese informe e da posterior discusión. A nosa análise resulta nunha valoración da fase de concepto positiva tanto por parte do persoal das áreas administrativas como por parte do persoal de enfermería e o persoal médico, incluídos os xefes de servizo. Na seguinte táboa preséntanse as principais fortalezas e limitacións e suxestións de mellora aportadas.

Táboa 10. Análise cualitativo das principais fortalezas, limitacións e suxestións dende o punto de vista dos profesionais

Membro do EAP	Fortalezas	Limitacións	Suxestións
PSX	- Axuda a unificar as formas de traballo. - Especialmente relevante para o persoal de nova incorporación.	- Proceso máis lento que o tradicional. - A pregunta de abordaxe inicial pode ser considerada intrusiva.	Necesidade de potenciar a difusión do sistema á cidadanía.
Enfermería e persoal médico	Susténtase nun modelo que garante a asistencia sanitaria en tempo e forma á poboación.		Necesario desenvolver protocolos de xestión enfermeira da demanda.
Xefes de servizo	- Achégalles seguridade aos profesionais das áreas administrativas. - Aceptabilidade por parte da cidadanía. - Optimización da citación. - Previsible mellora da calidade asistencial e dos tempos de resposta en AP.	Maior tempo de citación, principalmente debido a explicación do sistema á cidadanía.	- Asociar implementación do sistema a educación sanitaria. - Traballar na mellora arquitectónica e funcional das áreas administrativas.

4.3. FASE DE PILOTAXE

4.3.1. ESTRUCTURA POBOACIONAL E DE ASISTENCIA DOS CENTROS

Características sociodemográficas

Os centros incluídos para a avaliación da fase de pilotaxe foron Fingoi (XIDE) vs A Milagrosa; Castro Caldelas (XIDE) vs Rubiá e Nicolás Peña (XIDE) vs Gondomar. As figuras 20 a 22 amosan as características poboacionais dos centros.

Figura 20. Pirámide de poboación dos CS A Milagrosa e Fingoi



Figura 21. Pirámide de poboación dos CS de Rubiá e Castro Caldelas





Figura 22. Pirámide de poboación dos CS de Gondomar e Nicolás Peña



As características dos centros de forma global (con e sen XIDE) amósase na figura 23. Podemos observar que a estrutura da poboación é practicamente idéntica en ambos os dous casos. Por exemplo, a porcentaxe de poboación con 70 anos ou máis é de 15,7 % nos centros sen XIDE e de 18,4 % nos centros con XIDE.

Figura 23. Pirámide de poboación dos centros con e sen XIDE



Características da prestación asistencial

As características asistenciais dos centros amósanse na táboa 11. Pódese observar que o número de cotas médicas é similar en cada par de centros comparados, ao igual que o número de cidadáns por cota.

Táboa 11. Características dos centros comparados na fase piloto

Centro	Cotas médicas	Cidadáns	Cidadáns por cota médica	XIDE	Implantación XIDE
CS A Milagrosa	18	24.768	1.376	Non	-
CS Fingoi	17	21.396	1.229	Si	17/5/22
CS Rubiá	2	981	491	Non	
CS Castro Caldelas	2	988	494	Si	22/06/22
CS Gondomar	14	9.904	707	Non	-
CS Nicolás Peña	16	10.955	685	Si	26/4/22


4.3.2. EFECTIVIDADE

Consultas a demanda en mostrador por categoría profesional

CS Fingoi e Milagrosa

As consultas totais para CS Fingoi vs CS Milagrosa representáanse na figura 24. O XIDE implántase en CS Fingoi en maio de 2022. No global dos datos pre e posXIDE de ambos os centros vese que o descenso nas consultas totais é algo maior en Fingoi, así como o aumento en consultas totais en enfermería e noutros profesionais.


Figura 24. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi



CS Rubiá e Castro Caldelas

Os datos de consultas totais para CS Rubiá e CS Castro Caldelas amósanse na figura 25. O XIDE implántase en maio de 2022 en Castro Caldelas. A comparación do global do período pre co posXIDE, mostra un descenso nas consultas totais en medicina de familia en Rubiá en comparación con Castro Caldelas. Hai que sinalar que no caso de Rubiá, pola estrutura asistencial do centro, non hai consultas doutros profesionais.


Figura 25. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS de Rubiá e Castro Caldelas



CS Nicolás Peña e Gondomar

No caso de Nicolás Peña con Gondomar, con XIDE implantado en abril e decembro de 2022 respectivamente, na figura 26 pódense observar perfís moi similares nas consultas totais entre ambos os centros en medicina de familia e tamén no resto de profesionais (enfermería e outros). Comparando os períodos pre e posXIDE hai poucas diferenzas entre os dous centros.


Figura 26. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña



CS sen e con XIDE

A comparación da evolución das consultas totais agregadas para centros con e sen XIDE recóllese na figura 27. Ao comparar o período preXIDE co período posXIDE, en ambos tipos de centros hai un lixeiro descenso nas consultas totais a medicina de familia.

Figura 27. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada mes e grupo de centros



O número de consultas totais nos centros sen e con XIDE, xunto coa porcentaxe do total de consultas antes e despois da implantación do XIDE está recollido na táboa 12.

Táboa 12. Distribución das consultas totais por categoría profesional, para cada grupo de centros nos períodos pre e posXIDE

Período	Categoría	Centros sen XIDE		Centros con XIDE	
		N.º consultas	% consultas	N.º consultas	% consultas
PreXIDE	Medicina de Familia	33.247	82,1	26.232	75,6
	Enfermería	6.077	15,0	7.211	20,8
	Outros profesionais	1.185	2,9	1.278	3,7
	Total	40.509	100,0	34.721	100,0
PosXIDE	Medicina de Familia	67.642	79,0	49.295	72,3
	Enfermería	15.182	17,7	15.416	22,6
	Outros profesionais	2.753	3,2	3.460	5,1
	Total	85.577	100,0	68.171	100,0

A razón de porcentaxes para as consultas de medicina de familia en centros sen XIDE entre o período posXIDE (79,0) fronte ao período preXIDE (82,1) é de 0,96 (IC95 %: 0,95-0,97, $p < 0,001$).

Para os centros con XIDE; a razón de porcentaxes para as consultas de familia entre o período posXIDE (72,3) fronte ao período preXIDE (75,6) é de 0,96 (IC95 %: 0,95-0,96, $p < 0,001$). A proba de homoxeneidade entre as dúas razóns obtivo un valor $p < 0,001$, polo que a diferenza entre os tipos de centros é significativa, inda que pola magnitude da cifra non sería relevante para a práctica clínica.

Consultas forzadas de Medicina de Familia

CS A Milagrosa e Fingoi

As consultas forzadas de CS Fingoi e CS A Milagrosa, ambos os dous en Lugo, recóllense na táboa 13. En Fingoi implantouse XIDE en maio de 2022 e na Milagrosa o 30 de xaneiro de 2023.


En Fingoi obsérvase un descenso nas taxas de consultas forzadas que pasan de 42,6 no período preXIDE a 30,2 por 1.000 habitantes no período posXIDE. Na Milagrosa, obsérvase tamén un descenso entre os períodos, inda que menos acusado, de 34,8 pásase a 30 consultas forzadas por 1.000 habitantes. En A Milagrosa, que implanta XIDE en xaneiro de 2023, obsérvase un descenso relevante nas taxas e porcentaxe de forzadas en febreiro e marzo.

Táboa 13. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS A Milagrosa e Fingoi: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	CS A Milagrosa (sen XIDE)			CS Fingoi (con XIDE)		
	Nº	%	Taxa	Nº	%	Taxa
2022/01	986	23,5	44,5	1.372	38,0	55,4
2022/02	630	14,7	28,4	967	31,2	39,0
2022/03	745	15,2	33,6	1.079	29,1	43,6
2022/04	682	14,5	30,8	1.003	31,6	40,5
2022/05	815	15,2	36,8	858	27,7	34,6
2022/06	821	14,8	37,0	824	27,5	33,3
2022/07	544	13,7	24,5	650	23,4	26,2
2022/08	418	11,5	18,9	558	20,7	22,5
2022/09	634	12,8	28,6	664	27,0	26,8
2022/10	874	18,9	39,4	922	32,0	37,2
2022/11	909	19,4	41,0	962	30,7	38,8
2022/12	830	20,7	37,4	983	32,7	39,7
2023/01	610	16,7	27,5	637	23,7	25,7
2023/02	562	17,0	25,3	635	21,7	25,6
2023/03	458	12,7	20,7	641	19,3	25,9
PreXIDE	3.858	16,4	34,8	5.279	31,6	42,6
PosXIDE	6.660	15,8	30,0	7.476	25,9	30,2

A evolución das porcentaxes de consultas forzadas e as taxas de forzadas entre Fingoi e A Milagrosa amósase na figura 28. Pode observarse que as porcentaxes de consultas forzadas tenden a converxer ao longo do período, ao reducirse o número tras a implantación do XIDE en Fingoi.

Figura 28. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi



CS Rubiá e Castro-Caldelas


A comparación entre Castro Caldelas (con XIDE implantado en xuño de 2022) e CS Rubiá está recollida na táboa 14. En Castro Caldelas obsérvase unha redución das taxas de forzadas no período posXIDE (pasando de 42,8 a 29,6), mentres que en Rubiá dáse a situación contraria e as taxas pasan de 17 a 46,3. O mesmo ocorre na porcentaxe de consultas forzadas, que se duplican no caso de Rubiá mentres que en Castro Caldelas redúcese.

A evolución das porcentaxes de forzadas e as taxas de forzadas en ambos os dous centros recóllense na figura 29. No caso de Castro Caldelas obsérvase un cambio no período posXIDE de forma que diminúen a porcentaxe de consultas forzadas e a taxa por 1.000 habitantes. No caso de Rubiá, tanto a porcentaxe de forzadas como a taxa aumentan no período posXIDE.

Táboa 14. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	CS Rubiá (sen XIDE)			CS Castro Caldelas (con XIDE)		
	N.º	%	Taxa	N.º	%	Taxa
2022/01	15	3,7	15,7	36	9,5	36,7
2022/02	3	1,0	3,1	19	5,4	19,4
2022/03	7	2,0	7,3	18	4,9	18,3
2022/04	26	10,2	27,1	70	26,7	71,4
2022/05	21	7,0	21,9	53	19,7	54,0
2022/06	26	7,9	27,1	56	18,7	57,1
2022/07	62	16,8	64,7	107	34,5	109,1
2022/08	32	15,0	33,4	44	16,1	44,9
2022/09	35	9,1	36,5	37	14,7	37,7
2022/10	42	9,9	43,8	23	9,9	23,4
2022/11	49	10,7	51,1	10	3,1	10,2
2022/12	52	11,4	54,3	8	2,0	8,2
2023/01	66	12,8	68,9	6	1,4	6,1
2023/02	33	8,9	34,4	12	3,0	12,2
2023/03	28	5,2	29,2	14	3,1	14,3
PreXIDE	98	5,1	17,0	252	13,0	42,8
PosXIDE	399	10,7	46,3	261	8,5	29,6

Figura 29. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas



CS Gondomar e Nicolás Peña


Os datos de Nicolás Peña (con XIDE dende abril de 2022) e CS Gondomar (con XIDE dende o 22/12/2022) amósanse na táboa 15. No CS Nicolás Peña, as taxas de forzadas redúcense de xeito significativo (de 58 forzadas por 1.000 habitantes a 41), mentres que en Gondomar tamén hai redución pero dunha menor magnitude (pasando de 31 a 25 consultas por 1.000 habitantes). En canto á porcentaxe de forzadas, tamén hai redución nos dous centros comparando os períodos pre e posXIDE, pero esta diferenza é moito menor. Pódese ver tamén que hai un descenso importante na porcentaxe de forzadas e nas taxas cando se comparan os tres meses (xaneiro a marzo) de 2022 vs 2023 en Nicolás Peña, con descensos evidentes nos dous parámetros. É moi ilustrativo ver tamén o que pasa en Gondomar nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023, nos que hai XIDE, fronte aos mesmos meses de 2022. As taxas e porcentaxes de forzadas son en todos os meses menores que en 2022, con descensos moi claros.

Táboa 15. Consultas forzadas de medicina de familia nos CS de Gondomar e Nicolás Peña: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	CS Gondomar (sen XIDE)			CS Nicolás Peña (con XIDE)		
	N.º	%	Taxa	N.º	%	Taxa
2022/01	559	26,0	47,6	805	40,5	77,9
2022/02	292	16,2	24,9	467	27,3	45,2
2022/03	323	15,3	27,5	573	28,0	55,4
2022/04	296	16,4	25,2	553	29,9	53,5
2022/05	327	16,6	27,8	530	28,0	51,3
2022/06	293	15,4	24,9	559	31,4	54,1
2022/07	291	16,0	24,8	347	27,2	33,6
2022/08	300	15,1	25,5	281	23,4	27,2
2022/09	211	10,8	18,0	364	24,2	35,2
2022/10	371	17,9	31,6	493	29,9	47,7
2022/11	399	17,8	34,0	481	30,7	46,5
2022/12	302	14,5	25,7	425	27,5	41,1
2023/01	257	12,0	21,9	465	30,1	45,0
2023/02	252	13,0	21,4	405	26,1	39,2
2023/03	174	9,8	14,8	321	17,5	31,0
PreXIDE	1.470	18,7	31,3	2.398	31,6	58,0
PosXIDE	3.177	14,5	24,6	4.671	26,9	41,1

Na figura 30 pódese ver a comparación ao longo do tempo na porcentaxe e taxas de forzadas entre os dous centros. En todos os casos estes parámetros son superiores en Nicolás Peña fronte a Gondomar. A medida que pasa o tempo, as diferenzas van sendo menores, particularmente no caso das taxas de consultas forzadas por cada 1.000 habitantes, pero isto pódese explicar pola implantación do XIDE tamén en Gondomar en decembro de 2022, que ten un impacto positivo na redución de forzadas (en taxa e porcentaxe).

Figura 30. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña



CS con e sen XIDE

A táboa 16 reflicte a comparación das taxas e porcentaxes de forzadas nos centros con XIDE vs sen XIDE na fase de pilotaxe. Pódese ver que o descenso das taxas é maior nos centros con XIDE ao comparalos cos centros sen XIDE. Este descenso é aproximadamente dun 25 %. A porcentaxe de consultas forzadas tamén mellora nos centros con XIDE, xa que a porcentaxe diminúe en 5 puntos porcentuais mentres que nos centros sen XIDE a diminución é dun punto. Finalmente, hai diferenzas tamén no período invernal (meses -4, -3, -2) nos centros con XIDE antes de implantar o XIDE con respecto a logo de implantalo, tanto nas taxas coma na porcentaxe de forzadas, o que parece indicar un efecto positivo na época de maior demanda.

Cuantitativamente, pódese comparar a razón entre as taxas de consultas forzadas do período posXIDE comparado co período preXIDE, e obsérvase que nos centros sen XIDE esta razón é de de 0,86 (IC95 %: 0,83-0,89), é dicir, a taxa de

consultas forzadas reduciuse un 14 % nos centros sen XIDE. No caso dos centros con XIDE, esta razón é de 0,72 (IC95 %: 0,70-0,74)), a taxa de consultas forzadas reduciuse nun 28 % nos centros con XIDE. A diferenza das razóns de taxas entre os centros con e sen XIDE é estatisticamente significativa ($p < 0,0001$).


Táboa 16. Consultas forzadas¹ de medicina de familia nos centros con e sen XIDE: número, porcentaxe sobre consultas totais, e taxa por 1.000 habitantes

Mes	Medicina de familia					
	Centros sen XIDE			Centros con XIDE		
	N.º	%	Taxa	N.º	%	Taxa
-5	989	22,0	42,8	1.391	35,0	54,0
-4	1.196	17,6	34,3	1.790	32,8	49,6
-3	1.063	15,3	30,5	1.616	28,4	44,8
-2	1.026	14,4	29,4	1.629	29,7	45,1
-1	1.137	15,2	32,6	1.467	27,9	40,6
0	1.210	15,3	34,7	1.461	28,1	40,5
1	869	14,3	24,9	1.253	25,9	34,7
2	744	12,7	21,3	942	22,3	26,1
3	976	13,3	28,0	968	24,9	26,8
4	1.134	16,1	32,5	1.296	27,6	35,9
5	1.332	18,5	38,2	1.463	28,2	40,5
6	1.295	19,1	37,1	1.470	29,3	40,7
7	945	15,5	27,1	1.074	23,2	29,8
8	847	14,1	24,3	1.114	22,6	30,9
9	710	12,8	20,9	1.046	21,5	29,8
PreXIDE	5.426	16,3	33,2	7.929	30,2	46,3
PosXIDE	10.236	15,1	28,5	12 408	25,2	33,5

Na figura 31 obsérvase a evolución dos centros con XIDE vs sen XIDE de forma global. Pode verse que a porcentaxe de consultas forzadas é maior nos centros con XIDE respecto dos centros sen XIDE no período preXIDE e que tras a implantación estas porcentaxes tenden a converxer no tempo. Este efecto é máis claro ao comparar as taxas de forzadas por 1.000 habitantes, onde a converxencia é clara aos tres meses de implantación do sistema.

¹ Nótese que ao non implantar o XIDE ao mesmo tempo, a comparación faise respecto dos meses pre e post con números dos meses preXIDE e meses posXIDE. O cero corresponde ao mes no que se implantou o XIDE.

Figura 31. Porcentaxe e taxa de consultas forzadas de medicina de familia, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña



Consultas totais de enfermmería e outros profesionais

CS A Milagrosa e Fingoi

No que respecta ás consultas totais e taxas de consultas totais en enfermmería entre Fingoi e a Milagrosa, o seu número parece tender a converxer tras o XIDE (era maior en Fingoi antes do XIDE), mentres que nas taxas non se observan diferenzas ao longo do tempo entre os centros con e sen XIDE. Hai un aumento nos dous arredor de novembro e decembro de 2022 (ver figura 32). Tras a implantación do XIDE o 30 de xaneiro de 2023 na Milagrosa tamén se pode ver un aumento nas consultas totais e taxas en enfermmería.

Na figura 33 aparece a evolución das consultas totais entre outros profesionais e tamén en forma de taxas. Antes do XIDE, tanto as consultas totais coma as taxas son maiores na Milagrosa (sen XIDE) que en Fingoi, e tras a implantación do XIDE hai unha converxencia nos dous centros, que pasa a ser certa diferenza a partir de novembro de 2022, onde hai máis consultas totais e maiores taxas noutros profesionais en Fingoi que na Milagrosa (agás en marzo de 2023). Este dato suxire que a implantación do XIDE parece aumentar as consultas totais e taxas noutros profesionais fronte ao centro co que se compara. Tras a implantación do XIDE o 30 de xaneiro de 2023 en A Milagrosa tamén pode verse un aumento nas consultas totais e taxas noutros profesionais.

Figura 32: Taxa de consultas totais de enfermagem por 1.000 habitantes, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi






Figura 33. Taxa de consultas totais doutros profissionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi



CS Rubiá e Castro Caldelas

A figura 34 representa a evolución de consultas totais en enfermaría e as taxas de Castro Caldelas e Rubiá. Neste caso hai máis consultas e taxas de consultas totais en Castro Caldelas fronte a Rubiá antes da implantación do XIDE e tras a implantación parece invertirse esta tendencia uns meses despois. A partir de novembro as consultas en enfermaría son maiores en Rubiá fronte a Castro Caldelas ata a fin do seguimento.

Figura 34. Taxa de consultas totais de enfermaría por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas



No que atinxe a outros profesionais, esta comparación non se fixo xa que en Rubiá non os hai e non se pode valorar o efecto.

CS Gondomar e Nicolás Peña

O número de consultas totais e taxas de consultas totais por cada 1.000 habitantes en CS Nicolás Peña e CS Gondomar recóllese na figura 35. A única diferenza que parece existir tras a implantación do XIDE é que as consultas totais e as taxas fanse iguais entre ambos os centros. Nos últimos 3 meses hai un lixeiro aumento nas taxas e consultas totais en Nicolás Peña fronte a Gondomar, pero xa se comentou que en Gondomar se implanta XIDE en decembro de 2022.

Na figura 36 preséntanse as consultas totais e as taxas de consultas totais noutros profesionais. Mentres que no período preXIDE hai máis consultas en

Nicolás Peña vs Gondomar, as diferenzas parecen reducirse tras a implantación durante 4 meses e logo fanse maiores de novo nos últimos 3 meses. No caso de Gondomar parece haber un descenso nas consultas totais tras a implantación do XIDE en decembro de 2022.

Figura 35. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña






Figura 36. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña



CS con e sen XIDE

A figura 37 amosa a evolución das consultas totais dos centros con e sen XIDE en enfermería e tamén as taxas de consultas totais. Se ben non hai un efecto claro coa implantación do XIDE, parece que as diferenzas entre os centros con e sen XIDE tenden a diminuír co tempo nos dous indicadores.

Figura 37. Taxa de consultas totais de enfermería por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE




Con respecto á comparación formal nas taxas de consultas totais de enfermería comparando as razóns de taxas no período preXIDE con posXIDE, nos centros sen XIDE hai unha taxa de consultas totais de enfermería de 37,1 consultas por cada 1.000 habitantes, mentres que no período posXIDE a taxa é de 42,2. A razón de taxas é de 1,14 (IC95 %: 1,10 – 1,17), $p < 0,001$, polo que habería diferenzas entre os períodos. Nos centros con XIDE a taxa do período preXIDE é de 42,1, pasando a 41, no período posXIDE. A razón de taxas é de 0,99 (IC95 %: 0,96 – 1,02), $p = 0,392$, polo que non habería diferenzas entre os períodos. A proba de homoxeneidade entre as razóns de taxas: $p = 0,0272$, polo que habería diferenzas nas consultas de enfermería entre os centros con e sen XIDE.

Na figura 38 aparece a evolución das consultas totais en outros profesionais nos centros con e sen XIDE. Parece haber diferenzas cando se implanta o XIDE no sentido de que parecen aumentar as consultas totais e tamén as taxas de consultas con outros profesionais a medida que se implanta o XIDE respecto aos

centros sen XIDE. As diferenzas entre ambos son maiores no período posXIDE respecto ao período preXIDE.

Figura 38. Taxa de consultas totais doutros profesionais por 1.000 habitantes, por mes, nos centros con e sen XIDE



Nos centros sen XIDE, a taxa por 1.000 habitantes foi de 7,2 consultas e no período posXIDE de 7,7. A razón de taxas é de 1,06 (IC95 %: 0,99 – 1,13), $p=0,11$. Nos centros con XIDE a taxa do período preXIDE é de 7,5 e no período posXIDE de 9,3. A razón de taxas é de 1,25 (IC95 %: 1,17 – 1,23), $p<0,001$. A proba de homoxeneidade entre as razóns de taxas: $p=0,0004$, estatisticamente significativa e se observa un aumento dun 25 % das consultas doutros profesionais nos centros con XIDE tras a súa implantación fronte un aumento do 6 % nos centros sen XIDE.


4.3.3. SEGURIDADE

Hiperfrecuentación

Neste apartado descríbense os resultados da variable de hiperfrecuentación na fase de pilotaxe entre os centros seleccionados.


En relación aos centros de Fingoi e A Milagrosa, tanto a media de consultas mensuais por paciente como as consultas programadas redúcense tras a implantación do XIDE pero a diferenza se atenúa a medida que pasan os meses. Os datos amósase na figura 39.

Figura 39. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS A Milagrosa e CS Fingoi




Na figura 40 compáranse as consultas mensuais por paciente entre Rubiá e Castro Caldelas (con XIDE). Nas consultas a demanda non parece haber cambios coa implantación do XIDE. A implantación do XIDE parece aumentar as consultas programadas no centro de saúde de Castro Caldelas.

Figura 40. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS Rubiá e CS Castro Caldelas



En relación aos centros de Nicolás Peña (con XIDE) fronte a Gondomar, a implantación do XIDE parece que reduce o número de consultas mensuais por paciente. Con respecto ás consultas programadas a implantación do XIDE non parece xerar cambios en Nicolás Peña, xa que as citas programadas se reducen ao principio pero logo aumentan. O centro de Gondomar tamén presenta unha tendencia ao aumento das citas programadas ao final do período.

Figura 41. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. CS Gondomar e CS Nicolás Peña




Para finalizar, a comparación agregada do número medio de consultas mensuais por paciente nos centros con XIDE fronte aos centros sen XIDE amosa unha tendencia cara a redución das consultas tras a implantación do sistema de citacións (ver figura 42). O efecto beneficioso parece ser maior tras os primeiros meses tras implantar o XIDE, para logo atenuarse. Polo tanto, os datos non indican en ningún caso que implantar o XIDE aumente as consultas por paciente nos centros analizados. Con respecto ás consultas programadas, na fase de pilotaxe non parece haber cambios coa implantación do XIDE, e parece haber certa diminución das programadas con respecto ao período sen XIDE. Nos centros sen XIDE as consultas programadas parecen estables.

En canto á cuantificación da comparación entre os centros con e sen XIDE na fase de pilotaxe, realizouse co cálculo da media de consultas nos períodos pre e posXIDE e a súa comparación. Para os centros sen XIDE, a media de consultas no período preXIDE foi de 1,48, pasando a 1,44 na fase posXIDE. A diferenza de medias é de -0,045 (IC95 %: -0,056 – -0,034), cun valor $p < 0,001$, polo que

habería diferenzas entre os dous períodos. Nos centros con XIDE a media do período preXIDE foi de 1,49, pasando a 1,39 no período posXIDE. A diferenza de medias é de $-0,101$ (IC95 %: $-0,112 - -0,089$) cun valor, $p < 0,001$, polo que tamén habería diferenzas. A proba de homoxeneidade entre as diferenzas de medias: $p < 0,001$. A pesar de que hai un descenso maior no número medio de consultas tras a implantación do XIDE, a magnitude da diferenza é pequena polo que o XIDE non afectaría ao número medio de consultas por paciente.

Figura 42. Media de consultas mensuais a demanda e programadas. Centros sen XIDE e centros con XIDE



En canto ás consultas programadas, nos centros sen XIDE pasan de 1,54 a 1,51 no período posXIDE, cunha diferenza de medias de $-0,025$ (IC95 %: $-0,046 - -0,005$), cun valor $p = 0,0134$, polo que habería diferenzas entre os dous períodos. Nos centros con XIDE a media do período preXIDE é de 1,66 e pasa a 1,61 no período posXIDE cun valor $p < 0,001$, polo que habería diferenzas entre os dous períodos. A proba de homoxeneidade entre as diferenzas de medias é de $p < 0,001$, polo que habería diferenzas entre os dous tipos de centros. Ao igual que no caso anterior, non se pode concluír que o XIDE impacte nas consultas programadas.


Asistencias ao PAC

A comparación da frecuentación ao PAC de pacientes atendidos nos centros de saúde da Milagrosa e Fingoi durante a fase de pilotaxe recóllese na táboa 17. No caso da Milagrosa, hai unha diminución desta frecuentación do 0,4 % mentres que en Fingoi hai unha diminución do 0,7 %. Non se considera que estas diferenzas sexan relevantes e na figura 43 obsérvase como as curvas teñen tendencias parecidas e se superpoñen ao longo do período analizado.

Táboa 17. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS A Milagrosa e Fingoi

Mes	CS A Milagrosa (sen XIDE)	CS Fingoi (con XIDE)
2022/01	11,8	16,6
2022/02	7,9	12,2
2022/03	8,1	12,3
2022/04	10,0	15,7
2022/05	8,9	16,6
2022/06	8,1	16,4
2022/07	11,6	19,2
2022/08	10,5	14,7
2022/09	5,6	9,7
2022/10	7,1	13,8
2022/11	6,0	10,5
2022/12	7,5	11,3
2023/01	13,0	16,0
2023/02	11,9	14,2
2023/03	10,9	15,6
PreXIDE	9,3	14,7
PosXIDE	8,9	14,0


Figura 43. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS A Milagrosa e Fingoi



A táboa 18 presenta os resultados de Castro Caldelas fronte a Rubiá respecto da frecuentación ao PAC. En Rubiá hai unha diminución da frecuentación ao PAC

do 0,6 % mentres que en Castro Caldelas esta diminución é dun 0,1 %. Non parece que estas diferenzas sexan relevantes ao comparar ambos os centros de saúde, particularmente ao comparar os gráficos (figura 44), onde se pode ver que a implantación do XIDE non supuxo cambios nas atencións no PAC. Os datos de Rubiá son neste caso moi variables.

Figura 44. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas



Táboa 18. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Rubiá e Castro-Caldelas


Mes	CS Rubiá (sen XIDE)	CS Castro Caldelas (con XIDE)
2022/01	5,5	0,9
2022/02	3,1	1,4
2022/03	5,3	1,1
2022/04	10,1	3,5
2022/05	10,4	2,9
2022/06	4,3	2,4
2022/07	7,1	2,7
2022/08	13,9	1,2
2022/09	6,2	0,0
2022/10	5,0	3,2
2022/11	6,5	2,1
2022/12	4,2	1,7
2023/01	5,9	1,7
2023/02	2,7	1,8
2023/03	4,9	1,5
PreXIDE	6,3	1,9
PosXIDE	5,7	1,8

Na táboa 19 compáranse os datos de CS Nicolás Peña con CS Gondomar respecto da frecuentación ao PAC. Comparando o período preXIDE co posXIDE, a frecuentación en Gondomar no PAC aumenta nun 1,8 %, mentres que en Nicolás Peña este aumento foi do 1 %. Na figura 45 pódese comprobar que a devandita frecuentación é estable no tempo no período analizado en Nicolás Peña, mentres que en Gondomar hai certa tendencia ao aumento a medida que pasa o tempo.

Táboa 19. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos CS de Gondomar e Nicolás Peña

Mes	CS Gondomar (sen XIDE)	CS Nicolas Peña (con XIDE)
2022/01	8,3	3,1
2022/02	7,8	2,5
2022/03	8,3	2,1
2022/04	12,7	3,4
2022/05	11,5	3,1
2022/06	10,3	4,5
2022/07	11,3	6,5
2022/08	9,7	5,4
2022/09	8,8	3,7
2022/10	10,8	3,5
2022/11	9,4	3,4
2022/12	12,6	4,0
2023/01	11,7	3,0
2023/02	11,1	2,6
2023/03	14,9	3,3
PreXIDE	9,2	2,8
PosXIDE	11,0	3,8

Figura 45. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos CS de Gondomar e Nicolás Peña



Os datos analizados conxuntamente na fase de pilotaxe dos centros con XIDE e sen XIDE amosan un aumento da frecuentación no PAC do 0,4 % nos centros sen XIDE, mentres que nos centros con XIDE hai unha diminución global do 0,5 % ao comparar ambos períodos (ver táboa 20). A evolución do gráfico da figura 46 ao longo do tempo é moi parecida e as liñas superpóñense, polo que non se pode afirmar que XIDE poida supoñer un problema na seguridade dos pacientes que se vexa reflexado nun aumento na frecuentación ao PAC.


Táboa 20. Porcentaxe de asistencia ao PAC sobre as consultas a demanda en mostrador nos centros con e sen XIDE

Mes	Centros sen XIDE	Centros con XIDE
-5	11,3	15,4
-4	7,9	8,1
-3	8,1	9,0
-2	9,5	10,1
-1	9,7	11,4
0	8,9	11,2
1	11,2	13,4
2	10,5	11,8
3	6,7	8,1
4	7,5	9,9
5	7,3	7,9
6	8,1	7,9
7	12,2	11,0
8	11,2	9,6
9	11,0	11,3
PreXIDE	9,1	10,4
PosXIDE	9,5	9,9

En canto ás asistencia ao PAC na fase de pilotaxe, nos centros sen XIDE a porcentaxe de asistencia pasa de 9,1 % a 9,5 % no período pre e posXIDE respectivamente, cunha razón de porcentaxes: 1,03 (IC95 %: 1,00 – 1,08) e cun valor $p=0,043$. Nos centros con XIDE, a porcentaxe do período preXIDE é de 10,4 % pasando a ser de 9,9 % no período posXIDE. A razón de porcentaxes é de 0,95 (IC95 %: 0,92 – 0,99), cun valor $p=0,017$. A proba de homoxeneidade entre as razóns de porcentaxes: $p<0,001$. Estes resultados non indican unha maior

frecuentación no PAC tras a implantación do XIDE. A magnitude da diferenza observada nos centros sen e con XIDE é moi pequena.

Figura 46. Porcentaxe de asistencia ao PAC con respecto ás consultas a demanda en mostrador, por mes, nos centros con e sen XIDE





5. DISCUSIÓN

Este informe describe o proceso de desenvolvemento do sistema de citación XIDE e analiza os resultados de efectividade e seguridade da súa implementación nos centros de saúde nas fases de proba de concepto e pilotaxe.

O XIDE é unha ferramenta que, de forma estruturada e sistemática, ofrece a cita en AP máis axeitada á demanda expresada polo paciente, a partir dos termos máis comúns consensuados por profesionais sanitarios e das áreas administrativas. Trátase dun algoritmo de encamiñamento baseado nunhas regras básicas que traballan en función dos fluxos previamente predefinidos e que, a partir dunhas preguntas e as súas respostas asociadas (que tamén están restrinxidas a un conxunto básico de valores), dirixe a un camiño ou outro da árbore de decisión. O obxectivo deste sistema é mellorar a xestión das citas a demanda (non planificadas na axenda) solicitadas pola poboación en AP.

A necesidade de traballar en reformas organizativas para facerlle fronte á demanda e mellorar a accesibilidade foi recalcada polos profesionais sanitarios e implicados na xestión desde hai máis dunha década (11, 35-38). Esta necesidade fíxose se cabe máis relevante a partir da pandemia por COVID-19 (6, 39), debido a factores como o incremento no número de consultas e as dificultades relacionadas coa xestión e organización dos centros. Ademais, cabe subliñar que as dificultades no acceso a AP son unha importante fonte de insatisfacción dos pacientes e de peor percepción de calidade da atención (40-42) e de insatisfacción e malestar nos profesionais (11).

A pesar de que as citas a demanda ou non programadas representan un volume importante das citacións no Sergas (10), antes da implantación do XIDE non existía un modelo organizativo nin protocolos específicos para responder a este tipo de citas, máis alá de iniciativas illadas. Os procedementos máis habituais para a súa xestión eran asignalas tendo en conta exclusivamente os ocos dispoñibles (citas asignadas por orde de chegada) ou preguntar sobre o motivo de consulta e xestionar a cita seguindo o criterio non clínico do persoal das áreas administrativas que escollía ao profesional sanitario e momento máis axeitado

segundo o seu criterio. Unha consecuencia disto é a heteroxeneidade na atención entre centros de saúde ante pacientes con motivos de consulta semellantes.

Tendo en conta esta situación, púxose en marcha un proxecto baseado no coñecemento e experiencia de diferentes categorías profesionais de AP para deseñar unha ferramenta tecnolóxica que integrase este coñecemento e tratase de lle dar resposta a esta situación homoxeneizando a atención prestada nos centros de saúde. Para o deseño tivéronse en conta experiencias previas no SNS, como por exemplo as levadas a cabo no Servizo de Saúde de Castilla-La Mancha (28), o Servizo de Saúde de Navarra (29, 30) ou no Servizo Cántabro da Saúde (24), e experiencias centradas na xestión da demanda no ámbito internacional, con especial atención aos sistemas sanitarios similares, como é o caso de Reino Unido. A pesar do reto da accesibilidade e a xestión da demanda a nivel internacional, existen poucas experiencias de desenvolvemento de procesos formais para a asignación de citas (13). As iniciativas internacionais son heteroxéneas, algunhas delas dificilmente extrapolables ao contexto do Sergas e na actualidade non existe evidencia concluínte sobre a súa efectividade. Polo que é de alto interese realizar avaliacións que, como o presente estudo, acheguen evidencia científica sobre o funcionamento das diferentes iniciativas existentes. Un aspecto relevante sinalado na literatura é a necesidade de orientar a demanda dos pacientes aos servizos ou recursos que mellor poidan satisfacer as súas necesidades (18, 19).

O deseño do XIDE orientouse a ordenar de forma automática e conforme a uns estándares de citación a demanda de consulta nos centros de saúde. O punto de partida da ferramenta XIDE é a necesidade expresada por un paciente. O persoal das áreas administrativas transcribe literalmente á plataforma o referido polo paciente, e o sistema ofrece unha proposta de cita por profesional, tempo e forma. Para chegar a este sistema, os protocolos desenvólvense de forma consensuada e iterativa, cunha revisión e actualización periódicas e coa participación dos profesionais sanitarios e das áreas administrativas. O establecemento dos posibles motivos de consulta realizouse a partir da CIAP-2 (33, 34), que clasifica a actividade no ámbito de AP e que diferentes iniciativas teñen empregado para deseñar estratexias de planificación que dean resposta ás necesidades da poboación [por exemplo, (43, 44)].

A listaxe da CIAP-2 foi priorizada e agrupada polos grupos de traballo obténdose un total de 427 motivos de consulta aos que se lles asignaron a categoría profesional, período temporal e modo inicial de atención. Aproximadamente o 50 % destes motivos requirían unha atención ordinaria, mentres que o 50 % restante se dividía en 25 % para a atención inmediata e 25 % para a atención no día. En canto aos profesionais implicados, a metade dos protocolos asignaban

unha atención inicial aos médicos de familia, e o resto dividíanse entre o EAP, dos que destacan os protocolos para enfermería (non desenvolto na actualidade). O enfoque aplicado no desenvolvemento dos protocolos de citación foi garantista, é dicir, asegura a atención clínica óptima, no menor tempo posible. Isto pode facer que, fronte a outros sistemas de asignación de tempo de consulta realizada por persoal sanitario, o algoritmo propoña máis consultas de tipo inmediato (45).

A primeira implementación do sistema XIDE realizouse nos centros de saúde de Illas Canarias (Lugo) e de Culleredo. Para os efectos deste informe, denominouse proba de concepto a este primeiro uso da ferramenta que tivo por obxectivo avaliar a viabilidade da proposta. Unha vez rematada a fase de proba de concepto, o sistema XIDE despregouse en 45 centros, nunha segunda fase denominada pilotaxe. Porén, tendo en conta os datos reais de usabilidade da ferramenta por parte dos centros e a variabilidade no seu uso, para estudar a efectividade e seguridade de forma óptima na fase de pilotaxe, só se empregaron datos procedentes de tres centros que amosaron unha porcentaxe de uso da ferramenta alta (CS de Fingoi, Castro Caldelas e Nicolás Peña).

En canto a metodoloxía empregada neste estudo para avaliar o desempeño do sistema, os resultados dos centros nos que se empregou XIDE comparáronse con centros sen XIDE, seleccionados atendendo a criterios de comparabilidade sociodemográfica e de características asistenciais. Tivéronse en conta tamén os mesmos períodos temporais para obter os datos de citación, garantindo deste xeito que as variacións estacionais na demanda asistencial, ocasionadas por exemplo pola tempada de gripe, agudizacións de EPOC, e outros factores fortemente estacionais afectaran da mesma forma a todos os centros. Desta forma os resultados obtidos a través da análise destes tres centros puideran ser representativos da potencialidade da ferramenta. As variables consideradas na análise foron as mesmas tanto para a proba de concepto como para a pilotaxe. Desta forma os resultados obtidos a través da análise destes centros poden considerarse representativos. As variables de resultado consideradas na análise foron as mesmas tanto para a proba de concepto como para a pilotaxe.

Polo tanto, o deseño empregado para avaliar tanto a efectividade coma a seguridade do XIDE nos centros seleccionados é moi robusto. Isto é porque cada centro XIDE se compara con outro centro non XIDE, no mesmo período e tamén antes e despois da implantación do XIDE. Isto permite facer unha dobre comparación, xa que se pode ver como se comparan as variábeis analizadas no mesmo centro tras a incorporación do XIDE (asimilable a un deseño pre-post), pero tamén serve para comparar a evolución no tempo das variábeis entre cada parella de centros con e sen XIDE. Este deseño empregouse para toda a análise, tanto

para avaliar a efectividade coma para avaliar a seguridade do XIDE. Ademais, empregar dúas fases (proba de concepto e pilotaxe) permite avaliar se os resultados son consistentes entre as dúas.

A utilización como comparador de centros de saúde de características similares aos centros coa intervención garante que os resultados indican realmente a utilidade da ferramenta. Nun estudo previo nun único centro de saúde (Monforte de Lemos), ao analizar só resultados dese centro, o período temporal utilizado pode influír na efectividade obtida (45).

Ademais das comparacións intra e intercentros, unha fortaleza adicional deste estudo é que se realizou unha avaliación cega segundo un protocolo predefinido. Tendo en conta todos os factores mencionados previamente a confianza dos resultados deste estudo podería considerarse alta.

Os obxectivos principais da ferramenta en termos de efectividade son diminuír as consultas forzadas nas axendas de medicina de familia e distribuír a demanda entre todas as categorías profesionais dos equipos de atención primaria. Os resultados da análise realizada na fase de concepto amosaron un aumento da taxa de consultas forzadas no período postimplantación tanto para os centros que usaban XIDE para a xestión das citas, como os centros sen XIDE usados como comparadores. Este aumento nas consultas forzadas nas axendas nos dous tipos de centros podería deberse a que no período temporal analizado postimplantación están incluídos os meses de inverno (decembro, xaneiro, febreiro e marzo) e nestes meses prodúcese a circulación estacional dos virus gripais. Porén, é de grande interese sinalar que o aumento nas consultas forzadas foi só do 7 % no caso da xestión con XIDE fronte a un aumento do 66 % na consulta forzada no caso da xestión sen XIDE, cunha diferenza estatisticamente significativa, e o que é máis importante, dunha magnitude moi relevante dende o punto de vista organizativo. Estes resultados de efectividade na xestión das citas forzadas na axendas de medicina de familia confirmáronse na fase de pilotaxe. Neste caso, cun maior período temporal de seguimento postimplantación, obsérvase unha diminución das consultas forzadas tanto nos centros con xestión XIDE como sen XIDE. Porén, mentres que sen XIDE diminúen un 14 %, co sistema XIDE a taxa de consulta forzadas diminúe un 28 %. Os resultados son significativos estatisticamente e tamén relevantes dende o punto de vista organizativo.

En todos os centros considerados na análise, a categoría de medicina de familia leva a carga principal de consultas nos centros de saúde, independentemente do tipo de xestión das citas. Con respecto á efectividade á hora de distribuír a demanda entre as diferentes categorías profesionais, os resultados amosan que non hai diferenzas entre a porcentaxe de consultas asignadas a enfermería ou

a outras categorías profesionais antes e despois da implantación do sistema de xestión XIDE.

Con respecto á análise da seguridade da implementación do sistema XIDE considerouse que era moi relevante a valoración axeitada considerando diversos resultados. Por unha banda decidiuse analizar se o XIDE podería ter un beneficio aparente pero que logo se puidese traducir nun aumento das consultas por unha posible mala resolución do problema consecuencia de posibles erros de asignación de prioridades ou tempos. Para valorar isto analizáronse as consultas medias por paciente antes e despois da implantación do XIDE a través do NASI. Isto é importante, xa que a análise é por paciente, e polo tanto pode considerarse un estimador fiable que podería indicar se hai ou non un maior número de consultas. Na fase de proba de concepto non se atopan diferenzas nas consultas mensuais por paciente previas e posteriores á implantación da xestión das citas con XIDE. Este resultado repítase na fase de pilotaxe, xa que non se observa un incremento destas citas no período posterior á posta en marcha do XIDE.

Considerouse a maiores a valoración doutra variable de resultado adicional de seguridade, como é a frecuentación no PAC de pacientes procedentes dos centros de saúde analizados coa hipótese de que se XIDE é seguro, a frecuentación tras a implantación do XIDE, non debería sufrir cambios respecto de antes do XIDE e tampouco debería haber diferenzas co seu par sen XIDE. No caso da frecuentación ao PAC, na fase de concepto obsérvase un incremento do 0,9 % na frecuentación ao PAC nos centros con XIDE fronte a un 0,7 % nos centros sen XIDE, pero é evidente que esta diferenza é dunha magnitude moi pequena. No caso da pilotaxe, e cun maior seguimento, non se observa ningún aumento na frecuentación dos centros con XIDE fronte aos centros sen XIDE. De feito, nos centros sen XIDE a frecuentación no PAC aumenta un 0,4 % mentres que nos centros con XIDE, esta frecuentación diminúe un 0,5 % tras a súa implantación. É moi importante subliñar que unha gran fortaleza deste segundo análise da seguridade é que de novo fíxose empregando no denominador o NASI dos participantes, é dicir pacientes que pasaron polo centro de saúde cunha atención a demanda e que logo puideron acudir ao PAC, o que lle dá a esta análise unha importante fiabilidade.

Estes datos indicarían que a xestión da demanda de asistencia en AP co sistema XIDE non xera problemas de seguridade relacionados co aumento na frecuentación (aumento da demanda nas propias consultas de primaria) ou producindo asistencias aos PAC causadas por mala asignación de prioridades na asignación das consultas. Para profundar nos posibles problemas de seguridade relacionados coa implementación do XIDE, na fase de proba de concepto tamén se

revisaron as reclamacións e non se identificou ningunha relacionada coa citación en AP nos períodos analizados nos centros avaliados.

En canto á valoración dos profesionais do XIDE como sistema de xestión de citas en AP realizada unha vez finalizada a proba de concepto, foi realizada de forma positiva tanto polo persoal das áreas administrativas, como o persoal de enfermería e medicina, así como polos xefes de servizo. Entre as principais fortalezas se destacaron a estandarización dos procesos, cunha previsible mellora da calidade asistencial. Entre as limitacións destacáronse unha percepción de incremento do tempo dedicado ao proceso de citación e que para algunhas persoas a pregunta de acollida podía resultar intrusiva, pero en ambos os casos se considerou que a implementación do proxecto favorecería tanto a familiarización dos profesionais co modo de asignar a cita como co coñecemento deste por parte da cidadanía.

Outro aspecto clave a considerar é a percepción por parte da cidadanía do sistema, que aínda que non se considerou na presente análise, estudos previos do proxecto puxeron de manifesto que a aceptación da cidadanía coa cita proposta foi superior ao 80 % (46).

Por último, cabe resaltar que este estudo contempla a análise dun total de cinco centros de saúde onde se implementou o XIDE, polo que sería necesario continuar avaliando o seu funcionamento na fase de seguimento en todos os centros de saúde de Galicia a través de diferentes indicadores encamiñados a valorar a súa usabilidade, seguridade e efectividade, así como incorporar as perspectivas dos profesionais e a cidadanía. Esta avaliación permitirá garantir o bo funcionamento do sistema e favorecer os cambios necesarios para responder as necesidades organizativas e favorecer unha atención de calidade.



6. CONCLUSIÓN

- Os resultados do presente estudo suxiren que a implantación de XIDE reduciría o número de consultas forzadas dos médicos de familia. Esta redución de consultas forzadas observouse ao comparar taxas por 1.000 habitantes e ao comparar a porcentaxe de consultas forzadas con respecto ao total de consultas dos médicos de familia. Ademais, este resultado foi consistente entre as diferentes etapas da implantación de XIDE (proba de concepto e pilotaxe).
- En canto á redistribución da demanda, XIDE non parece influír no número de consultas en enfermería ou doutros profesionais.
